

15 de outubro de 2006 / N° 7

Finaliza o prazo para solicitar o continxente provincial

Na actualidade son tres as vías para poder **contratar a traballadores estranxeiros en España**: unha por medio do continxente, outra en función do catálogo de ocupacións de difícil cobertura, e unha última se se certifica que non hai demandantes para un posto en concreto.

O Consello de Ministros aproba anualmente o **continxente de traballadores estranxeiros**, é dicir, cuantifica o número de traballadores estranxeiros que poderán vir traballar ao noso país baseándose nas necesidades de man de obra, establecendo ademais os sectores e actividades concretas.



Mediante este procedemento tramítanse ofertas estables ou temporais, sempre que a solicitude alcance como **mínimo a 10 traballadores** (acumulables entre distintas empresas). A **Confederación**, a partir das necesidades que lle trasladan os seus asociados, **solicita o continxente para a provincia** (número de traballadores estranxeiros e sector ou actividade concreta). Para ese efecto, **a Confederación ten de prazo ata o 31 de outubro para solicitar este continxente**, polo que os empresarios que non teñan demandantes que cubran as súas ofertas de emprego e queiran contar con membros do continxente para elas, deberán **notificalo o máis axiña posible na CEO**, coa fin de incluílas no do próximo ano.

Outro procedemento para contratar traballadores estranxeiros é por medio do **catálogo de ocupacións de difícil cobertura** que se confecciona trimestralmente a partir da situación nacional de emprego. A cualificación dunha ocupación como de difícil cobertura implica a posibilidade de tramitar a autorización para residir e traballar dirixida a un estranxeiro.

Así mesmo, a situación nacional de emprego permite a contratación en ocupacións non cualificadas como de difícil cobertura se o empregador acredita a **dificultade de contratación para o posto** que pretende cubrir, mediante a xestión da oferta de emprego ante o servizo público, concluída con resultado negativo.

As **ocupacións de difícil cobertura** no 4º trimestre de 2006 son:


- Fisioterapeuta, en xeral
- Deportista profesional
- Adestrador deportivo
- Cociñeiro, en xeral
- Preparador de precociñados e cociñados
- Camareiro, en xeral
- Camareiro de sala ou xefe de rango
- Camareiro de barra e/ou dependente de cafetería
- Modelo, en xeral
- Traballador forestal, en xeral
- Cristaleiro de edificios
- Instalador de espellos/vidros en vehículos
- Cristaleiro de vidreiras
- Encargado e/ou xefe de equipo de taller de montaxe de estruturas metálicas
- Soldador de estruturas metálicas pesadas
- Soldador por arco eléctrico, en xeral
- Soldador por tig
- Soldador por mig-mag
- Soldador por resistencia eléctrica
- Soldador manipulador por electrogras
- Soldador aluminio térmico
- Soldador de estruturas metálicas lixeiras
- Ferreiro forxador, en xeral
- Catador e/ou clasificador de viños
- Operador de máquina cortadora, corta bloques e/ou pulidora de rocas
- Operador de máquina de labrar pedra e/ou lousa
- Operador de serradoiros, en xeral
- Operador de máquina lixadora (fabricación de produtos de madeira)

Sumario:

- 02 Lexislación a fondo
- 03 Lexislación a fondo
- 04 Calendario fiscal
- 05 Normativa
- 06 Consultorio xurídico
- 07 Calendario de feiras
- 08 Zona CEO

Nova situación para os autónomos

O acordo sobre o Proxecto de lei do Estatuto do Traballador Autónomo, alcanzado polo ministro de Traballo e Asuntos Sociais e dous dos axentes sociais implicados na negociación (as organizacións ATA e UPTA), vai cambiar a situación laboral do colectivo respecto a diversas cuestións non exentas de polémica. A terceira organización participante na redacción do texto, a **Confederación Española de Autónomos (CEAT), integrada en CEOE**, non comparte varios dos puntos clave do borrador por considerar que, no caso dos autónomos dependentes (aqueles dos que polo menos o 75% dos seus ingresos proceden dunha única fonte) atentan contra a seguridade xurídica das empresas para as que traballan.



Segundo o texto, aprobado xa polo Consello de Ministros, os principais cambios para o traballador autónomo van ser:

- ⊙ **Nova definición do traballador autónomo:** A maiores das inclusións particulares de determinados colectivos, defínese ao autónomo como 'aquela persoa física que realiza de xeito habitual, persoal, directo, por conta propia e fóra do ámbito de dirección e organización dun terceiro unha actividade económica ou profesional a título lucrativo, dea ou non ocupación a traballadores por conta allea'.
- ⊙ **Dereitos:** Recóllense nun mesmo artigo os seus dereitos e deberes profesionais que se refiren, entre outros, á prevención de riscos laborais, garantías retributivas e económicas, así como unha regulamentación ampla do dereito de asociación. O Goberno estudará a viabilidade da implantación dun sistema de protección por cese de actividade que dependerá das características persoais e da natureza do traballo realizado polo autónomo.
- ⊙ **Aparición da figura do autónomo dependente:** Defínense como os traballadores que 'realizan unha actividade económica ou profesional a título lucrativo e de xeito habitual, persoal, directa e predominante para unha persoa física ou xurídica, denominada cliente, do que dependen economicamente por percibir del, polo menos, o 75% dos seus ingresos'. Regúlanse así mesmo as condicións do seu contrato e da extinción deste, e tamén se detallan as condicións da xornada laboral. Neste sentido, aclárase que os autónomos dependentes terán dereito a unha 'interrupción da actividade anual de 15 días hábiles'. Ademais, serán os xulgados do social os que se encarguen das cuestións que afecten a este colectivo.
- ⊙ **Creación do Consello Estatal do Traballador Autónomo:** Será a través deste órgano como se canalice a participación institucional dos autónomos.

Aínda que fontes ministeriais admiten que o texto podería sufrir modificacións ao longo da súa tramitación parlamentaria, o Executivo confía en que estas reformas estean **en vigor cara a primavera de 2007**.



Cambios na regulación comercial galega

A Consellería de Innovación e Industria presentou recentemente os **anteproxectos da Lei de horarios comerciais de Galicia e da Lei de ordenación do comercio interior de Galicia**. O primeiro deles, que xa cumpriu o prazo de presentación de alegacións, establecerá un novo réxime de horarios comerciais e apertura en domingos e festivos.

En canto ás novidades que presenta o **Anteproxecto de lei de horarios comerciais** con respecto á lei vixente do ano 1996, cabe destacar as seguintes:

- Introdúcese a posibilidade de que os concellos que o soliciten poidan **substituír dous dos oito domingos e festivos hábiles para o comercio** por outros dous que consideren máis axustados aos intereses comerciais do seu municipio.
- Os establecementos comerciais deberán permanecer pechados os días 1 de xaneiro, 1 e 17 de maio, 25 de xullo e 25 de decembro, establecéndose o **horario de peche para os días 24 e 31 de decembro** ás 20:00 horas, incluso aqueles que contan con liberdade horaria.
- **Redúcese de 300 a 150 metros cadrados** a superficie útil de venda e exposición ao público que deben posuír os establecementos comerciais para gozar de plena liberdade horaria.



En canto ao **Anteproxecto de lei de ordenación do comercio interior de Galicia**, pretende substituír a lei vixente do ano 1988, e entre as súas novidades cabe destacar:

- Realízase a **calificación de grandes establecementos comerciais** en virtude da súa superficie útil e número de habitantes do municipio, deste xeito queda da seguinte forma:
 - ⊙ En municipios de máis de 25.000 habitantes, os que teñan unha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 2.000 metros cadrados.
 - ⊙ En municipios entre 5.000 e 25.000 habitantes, os que teñan unha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 1.200 metros cadrados.
 - ⊙ En municipios de menos de 5.000 habitantes, os que teñan unha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 800 metros cadrados.
- Para a apertura destes grandes establecementos comerciais será necesaria **licenza comercial específica concedida pola Consellería** competente en materia de comercio, que terá que ser previa á licenza municipal.
- Crearase un **rexistro de comerciantes e actividades comerciais** de Galicia que terá como obxectivo a inscrición de persoas físicas e xurídicas que exerzan ou pretendan exercer a actividade comercial. Crearase tamén o Consello Galego de Comercio.
- En canto ás vendas en rebaixas, os artigos ofrecidos **non poden ser obxecto de ningunha promoción nos 30 días anteriores** á data de inicio, excepto que a actividade promocional tivese como finalidade a de dar a coñecer un novo produto ou servizo, ou a apertura dun novo establecemento.

Calendario Fiscal

Calendario Fiscal

Ata o día 6

RENDA

Modelos

Ingresos do segundo prazo da declaración anual do 2005. Se fraccionou o pago e non se domiciliou unha entidade colaboradora102

Ata o día 8

IMPOSTOS ESPECIAIS

Modelos

- Outubro 2006. Tódalas empresas511
 - Setembro 2006. Grandes empresas (*).....553, 554, 555, 556, 557, 558
 - Setembro 2006. Tódalas empresas (*).....570, 580
 - Terceiro trimestre 2006. Excepto grandes empresas (*).....554, 555, 556, 557, 558

(*) Os operadores rexistrados e non rexistrados, representantes fiscais e receptores autorizados (grandes empresas), utilizarán para tódolos impostos o modelo.....510

NOVENBRO 2006

L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

Ata o día 20

RENDA E SOCIEDADES

Retencións e ingresos a conta de rendementos do traballo, actividades profesionais, agrícolas, gandeiras e forestais, premios e determinadas imputacións da renda, ganancias de transmisións ou reembolsos de accións e participacións das institucións de investimento colectivo, e rendas de arrendamento de inmobles urbanos e capital mobiliario.

Modelos

- Outubro 2006. Grandes empresas.....111, 115, 117, 123, 124, 126, 128

IVE

- Outubro 2006. Grandes empresas.....320
 - Outubro 2006. Exportadores e outros Operadores Económicos330
 - Outubro 2006. Grandes empresas inscritas no Rexistro de Exportadores e outros Operadores Económicos.....332
 - Outubro 2006. Operacións asimiladas ás importacións.....380

IMPOSTOS SOBRE AS PRIMAS DOS SEGUROS

- Outubro 2006.....430

IMPOSTOS ESPECIAIS

- Agosto 2006. Grandes empresas561, 562, 563
 - Terceiro Trimestre 2006. Excepto Grandes empresas.....561, 562, 563
 - Outubro 2006. Tódalas empresas.....564, 566
 - Outubro 2006. Imposto sobre a Electricidade. Grandes empresas.....560

Ata o día 30


IVE

Modelos

Solicitude aplicación Réximen de dedución común para sectores diferenciados para 2007sin modelo



Normativa



Principais normativas publicadas nos distintos boletíns oficiais (provincial, rexional e estatal) sobre medidas de interese para determinadas actividades económicas ou colectivos empresariais.

Orde VIV/2784/2006 pola que se determinan as condicións e requisitos de rehabilitación aillada para mellorar as condicións de accesibilidade, sustentabilidade e seguridade estrutural no **Programa 2006 do Plan estatal** 05-08. (BOE 12/09/06)

Anuncio do 4 de setembro de 2006 polo que se fai pública a convocatoria de axudas do **Plan renove de electrodomésticos**. (DOG 12/09/06)

Decreto 157/2006 de rehabilitación e renovación de calidade de **vivendas no medio rural e en conxuntos históricos** de Galicia. (DOG 19/09/06)

Resolución do 1 de setembro de 2006, da Axencia Española de Protección de Datos, pola que se determina a información que contén o Catálogo de ficheiros inscritos no **Rexistro Xeral de Protección de Datos**. (BOE 22/09/06)

Orde FOM/2924/2006 pola que se regula o contido mínimo do informe anual para o **transporte de mercancías perigosas** por estrada, ferrocarril ou vía navegable. (BOE 26/09/06)

Resolución do 20 de setembro de 2006 referida aos mecanismos técnicos adecuados para garantir que as **máquinas expendedoras de tabaco** no mercado impidan o acceso a menores (BOE 26/09/06)

Resolución de 8 de setembro de 2006 pola que se modifica a de 14 de marzo de 2006, pola que se establece a **táboa de potencias normalizadas** para todos os subministracións en baixa tensión. (BOE 27/09/06)

Orde INT/2967/2006 pola que se determinan os municipios aos que son de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 8/2006 polo que se aproban medidas urxentes en materia de **incendios forestais en Galicia**. (BOE 29/09/06)

Real decreto 1115/2006 polo que se modifica o Real Decreto 928/1987 relativo ao **etiquetado de composición dos produtos téxtiles**. (BOE 30/09/06)

Orde do 12 de setembro de 2006 pola que se aproba o **Plan de inspección sanitaria** para o ano 2006. (DOG 02/10/06)

Orde do 25 de setembro de 2006 pola que se homologa o contrato-tipo de compravenda de uva para a súa transformación en viño da **D.O. Ribeiro** para a campaña 06-07. (DOG 02/10/06)

Orde APU/3007/2006 sobre procedemento de concesión de subvencións para reparar os **danos causados por incendios forestais** ao abeiro do Real decreto lei 8/2006 (BOE 03/10/06)

Acordo estatal do **sector do metal**. (BOE 04/10/06)

Convenios de colaboración entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, para a habilitación dunha liña de financiamento específica para **empresarios en Galicia**, para as **PEMES galegas produtoras de uva** e para **proxectos de innovación en Galicia**. (DOG 09/10/06)

Ordes do 4 de outubro de 2006 pola que se reabre o prazo de presentación de solicitudes e se efectúa convocatoria complementaria para programas de **promoción e divulgación do cooperativismo**. (DOG 10/10/2006)

Orde TAS/3083/2006 pola que se ditan normas para a aplicación do disposto no artigo 5 do Real decreto lei 8/2006 polo que se aproban medidas urxentes en materia de **incendios forestais en Galicia**. (BOE 10/10/06)


Resolución de 8 de setembro de 2006 pola que se publica o Convenio de colaboración entre o INSS e a Comunidade Autónoma de Galicia para o **control da incapacidade temporal**. (BOE 10/10/06)

Orde ITC/3098/2006 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas para **actuacións de reindustrialización** durante o período 2007-2013. (BOE 10/10/06)



Un dos meus traballadores permaneceu de baixa por enfermidade uns seis meses, durante o ano natural. Unha vez reincorporado, ¿ten dereito a gozar de 30 días de vacacións?

As vacacións xéranse por cada xornada traballada, polo que é necesario para o goce pleno do período de vacacións prestar servizos durante todo un ano. Tamén se considera tempo de traballo efectivo aquelas ausencias do traballo que son **independentes da vontade do traballador**, como maternidade, accidente, enfermidade. O período de incapacidade temporal computa como período de traballo efectivo para os efectos de ter dereito a percibir o período de vacacións, igual que se o traballador estivese en activo. Pero **as vacacións caducan o 31 de decembro de cada ano** polo que será necesario que o teu traballador se reincorpore antes de que finalice o ano, xa que as vacacións soamente se poden gozar no ano natural.



Cando non existe un convenio colectivo aplicable, ¿cantas horas deben realizar os traballadores no cómputo anual?

A xornada máxima legal (número de horas de traballo efectivo durante as cales se pode levar a cabo unha actividade produtiva) está fixada en **40 horas semanais de traballo efectivo** de media en cómputo anual, polo que será nulo calquera acordo en contrario que prexudique ao traballador. En virtude dun pacto individual ou colectivo, pódese pactar a redución desta xornada, pero non a súa ampliación. O número máximo de horas de traballo ao ano non pode superar as 1826, suposto que conta cunha **excepción no caso de xornadas especiais**, que están establecidas legalmente para determinados sectores e ramas de actividades. Isto non significa que esteamos diante dunha xornada que obrigatoriamente deban cumprir os traballadores cando non existe convenio colectivo, pois esta pode ser fixada no contrato de traballo. O que significa é que os traballadores non poden realizar unha xornada anual superior a 1826 horas.

Teño unha empresa de fábrica de mobles e querería saber que ocorre cando un traballador sofre un accidente doméstico mentres goza duns días de vacacións.



Neste caso hai que dicir que aquelas incidencias que se produzan durante o período de vacacións, sobre todo aquelas que non son consecuencia da prestación laboral, non lle afectan. A lexislación reconece o dereito a poder gozar de períodos de **descanso proporcionais ao tempo de traballo** realizado, pero non garante que ese tempo se goce en condicións óptimas de saúde. Estes supostos poden aparecer reflexados nos convenios colectivos, considerando como días traballados aqueles nos que **o traballador se atopa en situación de incapacidade temporal**. Tamén cabe a posibilidade de que a empresa marque un período de vacacións igual para todos e unha vez chegado o momento do seu goce, algún traballador se atope en situación de incapacidade temporal. Neste caso o convenio colectivo pode reconecer a posibilidade de gozar das súas vacacións unha vez obteña a alta médica.

Dada que esta posibilidade non está prevista no convenio que che resulta de aplicación, o empregado terá que incorporarse unha vez que finalicen as vacacións, e se chegado ese momento continúa imposibilitado para o traballo, **permanecerá en IT, sen poder solicitar un novo período de vacacións.**

Se desexa enviar as súas consultas a esta sección, pode facelo a través da dirección:

juridico@ceo.es

Calendario de Feiras



ALIMENTA: Feira Alimentaria e Gastronómica. Do 16 ao 18 de novembro. Albacete.
www.ifab.org



CONSTRUTAL '06: Feira da Construción e afíns. Do 16 ao 18 de novembro. Talavera de la Reina (Toledo) www.talavera-feria.com



GALISENIOR: Salón dos nosos maiores. Do 17 ao 18 de novembro. Ourense.
www.expourense.org



TURAL.COM: Feira do Turismo Alternativo e Complementario. Do 17 ao 19 de novembro. Elche (Alicante). www.feria-alicante.com



EXPOCECOFERSA : Encontro Comercial de Ferretaría Industrial. Do 21 ao 23 de novembro. Madrid www.cecofersa.com



IBERWINE: Salón Internacional do Viño. Do 21 ao 23 de novembro. Madrid
www.salondelvino.com



SALÓ DEL LLIBRE: Salón do Libro. Do 21 ao 26 de novembro. Barcelona
www.salodellibre.com



INICIANEGOCIOS: Salón das Iniciativas de Negocio. Do 23 ao 25 de novembro. Madrid
www.inicianegocios.com



INTUR: Feira Internacional do Turismo de Interior. Do 23 ao 26 de novembro. Valladolid.
www.feriavalladolid.com



EUROPE INNOVA CONFERENCE: Desafíos para os Clústeres Empresariais e as Empresas Innovadoras. Do 26 de ao 28 de novembro. Valencia www.feriavalencia.com



TECNOTAST: Feira de Equipamentos e Servizos para a Hostalaría e a Alimentación. Do 27 ao 29 de novembro. Lérida. www.firadelleida.com



TECNIEXPO AUTOMOCIÓN: Feira para Talleres, Proveedores de Automoción, Estacións de Servizo e Áreas de Lavado. Do 30 de novembro ao 2 de decembro. Barcelona
www.tecniexpo.com



DE COMPRAS: Feira do Pequeno Comercio. Do 1 ao 3 de decembro. Elche (Alicante)
www.feria-alicante.com



TODOVIVIENDA: Salón da Vivenda. Do 1 ao 3 de decembro. Ferrol (A Coruña)
www.fimo-ferrol.org



BESA: Salón Internacional da Beleza e a Saúde do Atlántico. Do 2 ao 3 de decembro. Vigo (Pontevedra) www.logisticatlantica.com



MEGAXOVE: Salón da Xuventude. Do 6 ao 10 de decembro. Ourense
www.expourense.org

Zona CEO



Invierta Ourense, unha cita coa cultura emprendedora

Os Business Angels –investidores privados- son os principais protagonistas do *Foro Invierta Ourense*, que terá lugar o próximo 8 de novembro na sede da CEO a partir das 18 horas, dentro do Programa de Acompañamento a Emprendedores da Rede BANG. A xornada será inaugurada por **Ricardo Varela, Conselleiro de Traballo**, e contará coa presenza de **Amadeo Rodríguez, Subdirector de Caixanova**, e **Francisco Rodríguez, presidente da Confederación Empresarial**.

A traxectoria destes foros, que nas edicións anteriores reuniron a máis de 50 empresarios, xestores de banca privada, e representantes de sociedades de capital risco, convérteos no **espazo idóneo para que os emprendedores presenten os seus proxectos ante os investidores**.

Nesta plataforma de encontros entre investidores e emprendedores, os proxectos empresariais destes últimos son validados por analistas de BANG, que ese día farán a súa presentación ante os Business Angels asistentes, persoas con capacidade investidora e con vocación de involucrarse nos proxectos empresariais, ós que aportan, ademais de **recursos financeiros, a súa experiencia e coñecemento do mercado**.



Por outra banda, os proxectos seleccionados, dos que nesta convocatoria se presentarán uns 10, buscan aproveitar oportunidades de negocio en sectores coma os de tecnoloxías da información e comunicación (TIC), enerxías renovables, construción naval e servizos asistenciais, entre outros, mediante a creación de vantaxes competitivas sostibles.

Inditex recibe aos empresarios da iniciativa Ceotop



A Confederación retoma a partir deste mes a realización dos encontros empresariais dentro do Proxecto Ceotop. O **Grupo Cuevas e Inditex** son as empresas que recibirán aos grupos de empresarios interesados en coñecer de primeira man as prácticas excelentes destas firmas. Esta **iniciativa de benchmarking** ofrece a oportunidade de tratar sobre o terreo os aspectos máis importantes que levaron ás empresas anfitriñas a acadar a excelencia na súa xestión.


Na segunda quincena de novembro desenvolverase o encontro en Inditex, onde a **Xestión de stocks. Optimización de almacenaxe e distribución** será o tema central da visita ao xigante téxtil.

Para información adicional de BANG ou Ceotop, contactar coa Confederación Empresarial no teléfono 988 391 110 (dirixirse a Gema Fernández) ou no correo info@bang.es


Publicidade

www.ingafor.com

El principal motor que impulsa a InGaFor es ofrecer a la empresa de hoy los mejores medios técnicos y humanos para garantizar la formación de todos los profesionales que la componen, desde los cuadros directivos hasta los equipos técnicos, en la firme creencia de que dichos conocimientos suponen hoy por hoy el elemento diferenciador que permite a algunas empresas ocupar los puestos de liderazgo en el complicado tejido empresarial.



Infórmese ahora de las nuevas convocatorias y ayudas para la formación en 2006



InGaFor